

Xoves, 5 de outubro de 2017

Núm. 192

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CANGAS

Presupostos e cadros de persoal

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 21, REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SOLO, VO E SUBSOLO DA VÍA PÚBLICA

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional de 29.06.2017 sobre a modificación da Ordenanza fiscal número 21 reguladora da taxa por Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Solo, Vo e Subsolo da Vía Pública, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Primeiro: Engadir un Anexo II. “Taxas por utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público local en períodos de festas, celebracións, conmemoración e festexos. “

Feito imponible	Tarifas (prezo por día)
Parcela delimitada no aparcadoiro do porto destinada a atracción “coches de choque”	252,94 €
Pardela delimitada no aparcadoiro do porto destinada a atraccións Karts	76,47 €
Atracción, caseta ou posto de grandes dimensións superior a 100 m ²	147,06 €
Atracción, caseta ou posto de tamaño medio de entre 50 e 100 m ²	105,88 €
Atracción, caseta ou posto de pequeno tamaño inferior a 50 m ²	60,71 €
Caseta ou posto tipo tiro, tómbola, churrería, bar, venda de doces ou similar (euros/metro lineal)	5,29 €
Rosquilleiras e postos de artesanía, roupa, etc (euros/metro lineal)	4,12 €

Para o cómputo dos m² e ml a ocupar deberan computarse tanto os metros da propia atracción, caseta ou posto, como o espazo ocupado por elementos anexos (caseta venda de tickets/fichas, mesas, cadeiras, etc.).

Segundo: Redenominar os anexos dos que consta a Ordenanza, de xeito que o Anexo actualmente incorporado á mesma se pase a denominar “Anexo I. Taxas por utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público local “, e o anexo que agora se incorpora, que se denominará “Anexo II. Taxas por utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público local en períodos de festas, celebracións, conmemoracións e festexos”

Código seguro de verificación: ZYQM3BZX796BNNJZ



Xoves, 5 de outubro de 2017

Núm. 192

Terceiro: Engadir un parágrafo final ao artigo 8 da Ordenanza Fiscal número 21, Reguladora da Taxa por Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Solo, Vo e Subsolo da Vía Pública, co número 6, coa dicción literal seguinte:

“6. As taxas reguladas no Anexo II da presente Ordenanza esixiranse mediante autoliquidación”

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesado recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

O Alcalde, Xosé Manuel Pazos Varela, no lugar e data que figura á marxe.

Código seguro de verificación: ZYQM3BZX796BNNJZ

